



Dpto. de Orientación
Aula de Audición e Linguaxe



MOI IMPORTANTE

NON ESQUEZADES que non todo é falar!!!

Tamén necesito que ...



- ...me axudedes a deixar canto antes o chupete e o biberón .
- ...me animedes a pasar a unha dieta sólida para poñer forte a boca exercitando a masticación.
- ...vixiledes a miña dentadura: a colocación dos dentes e as posibles caries.
- ...me ensinades a sonarme e respirar polo nariz, se vés que non podo, lévame ao otorrino por se teño vexetacións.
- ...me levedes ao especialista, para facerme un estudo da audición, se teño moitas otitis.



FALADE COMIGO!

Durante estes primeiros anos teño moita facilidade para aprender calquera lingua, pero preciso que me axudedes para aproveitar esta capacidade.

Para que me entendan todos, necesito superar a miña “linguaxe bebé”, tan útil e graciosa na casa, e aprender a linguaxe real.

Con vós todo será moito máis doado...

- Se falades comigo constantemente, sobre todo cando o estamos pasando ben: paseando, xogando, contando contos, cantando ...
- Se me animades a falar estimulándome coas vosas preguntas.
- Se tedes a paciencia de escoitar as miñas explicacións. Non rematedes por min as palabras ou frases que me custa decir; respectade os meus tempos.
- Se empregades comigo a linguaxe real en vez de repetir as miñas “palabras-bebé”
(Por exemplo: o can non é o “guau - guau”)
- Se cando me equivoco me repetides a palabra correcta, todas as veces que necesite; pero sempre de xeito natural, sen atosigarme.

1

- Dádevos conta de que estou aínda empezando, así que adaptade a lonxitude das vosas frases á miña capacidade:

por agora necesito frases sinxelas e claras.

- Axudádeme a comprender a importancia dos turnos para entendernos na conversa.

- A vosa alegría polos meus avances será o mellor reforzo para seguir aprendendo.

XUNTOS podemos facer moitas cousas divertidas e útiles:

- Xogar a poñer caras (enfadado, contento, triste, abraiado,...)
- Facer “ximnasia” cos beizos e a lingua (estirar e encoller, subir e baixar, dobrar, ...)
- Xogar a facer burbullas cunha palliña e pompas.
- Organizar carreiras soprando algodóns.
- Recitar trabalinguas, refráns e adiviñas.
- Cantar cancións, etc.

2

- Cando xogamos cos coches, os bonecos e os demais xoguetes, encántame escoitar os numerosos comentarios que facedes en voz alta sobre o que está a acontecer no xogo. Gracias a iso aprendo moito vocabulario, sons e estruturas con moi pouco esforzo.

XOGADE COMIGO TODO O QUE POIDADES!

- E outra actividade que me “rechifla” son **os contos**:

O tempo que me adicades cando me ledes un conto é moi importante para min.

Pásoo tan ben escoitándovos e mirando os debuxos, que estou desexando aprender a ler coma vós.

Tamén me axuda moito a “adestrar” a miña atención e capacidade de escoita; o que me valerá no futuro para aprender cousas novas.

A través dos vosos contos aprendo moitas palabras novas e os vosos comentarios e preguntas axúndanme a pensar sobre o escoitado e formarme opinións propias.

3